

PROXECTO XEA-CLÍO

Nós sómo-lo Mundo



M^a Concepción Fernández Méndez
Purificación Pérez Leirós
Xosé M. Souto González
José R. Valero Escandell



XERAIS



PROXECTO XEA-CLÍO

Nós sómo-lo Mundo



M^a Concepción Fernández Méndez
Purificación Pérez Leirós
Xosé M. Souto González
José R. Valero Escandell

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



Maquetación:

Paco Armada

Ilustracións capa:

Armando Lago

Capa:

Miguel Vigo

© M^a Concepción Fernández Méndez, Purificación Pérez Leirós,
Xosé M. Souto González, José R. Valero Escandell, 1997

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 1997
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

ISBN: 84-8302-166-8

Depósito Legal: VG. 715-1997
Printed in Spain
Impreso en Gráficas Numen
Velázquez Moreno, 16
36201 Vigo

Existe un libro do profesorado, titulado *El estudio geográfico de la población. Orientación teórica y praxis didáctica*, editado por Nau Llibres, Valencia, 1994, que contén consellos didácticos para o desenvolvemento desta unidade didáctica.

Agradecemos á editorial Nau Llibres as facilidades proporcionadas para realizar esta edición galega.

Reservados tódolos dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

	Pág.
1. AS NOSAS IDEAS SOBRE A POBOACIÓN MUNDIAL	5
2. OUTRAS VECES AS NOTICIAS COMUNICAN PROBLEMAS EN DISTINTOS LUGARES	9
3. UN GUIÓN PARA ESTUDIA-LA POBOACIÓN	12
4. CALQUERA LUGAR É BO PARA VIVIR	14
5. OS MOTIVOS DAS AGRUPACIÓNS DA POBOACIÓN	17
6. COÑECENDO DENSIDADES DIFERENTES NO MUNDO	19
7. BUSCANDO OUTROS CONCEPTOS MELLORES	24
8. ¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?	27
9. ESTUDIAMOS ALGUNHAS MIGRACIÓNS	34
10. CONTROLÁMO-LO CRECEMENTO PARA VIVIR MELLOR	39
11. NON TODO O MUNDO NACE E MORRE IGUAL	46
12. CADA VEZ SEREMOS MÁIS	54
13. O FUTURO DA POBOACIÓN	57

Imos comeza-lo estudio da poboación humana no mundo. Desexamos coñecer que problemas existen e como se poden solucionar. Pero para isto, en primeiro lugar, debemos ter claro que cousas sabemos e que cousas precisamos estudar para poder explicar como é a poboación que vive nos diferentes lugares do planeta.

1

Sinala cunha cruz (+) as ideas ou palabras que ti relacionas co concepto *xeodemografía*, ou estudio da poboación. Elixes como máximo dez palabras:

- | | |
|-----------------------------------------------|------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Somos moitos/as | <input type="checkbox"/> Fame |
| <input type="checkbox"/> Familias | <input type="checkbox"/> Homes e mulleres |
| <input type="checkbox"/> Pobreza | <input type="checkbox"/> Nacementos |
| <input type="checkbox"/> Vellos/as e mozos/as | <input type="checkbox"/> Mortes |
| <input type="checkbox"/> Aumento da poboación | <input type="checkbox"/> Densidade |
| <input type="checkbox"/> Paro | <input type="checkbox"/> Control de natalidade |
| <input type="checkbox"/> Censos e Padróns | <input type="checkbox"/> Esperanza de vida |
| <input type="checkbox"/> Benestar | <input type="checkbox"/> Traballo |
| <input type="checkbox"/> Estudiantes | <input type="checkbox"/> Amas/os de casa |
| <input type="checkbox"/> Saúde | <input type="checkbox"/> Alimentación |
| <input type="checkbox"/> Enfermidades | <input type="checkbox"/> Miseria |

Conclusións individuais



Explica por que elixiches esas palabras.

AS NOSAS IDEAS SOBRE A POBOACIÓN MUNDIAL

2 Resultados de equipo



Compare os resultados individuais e clasifícase as palabras seguindo estes criterios:

- Cantos vivimos na Terra
- Como vivimos na Terra
- Con quen vivimos na Terra

3 Conclusións da clase



Posta en común da clase.

Anota aquí os resultados e escribe un resumo persoal onde contes que ideas sobre a poboación ten a clase e ti mesmo/a.

AS OPINIÓNS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- **As noticias e os números.** Moitas veces lemos noticias da poboación que se expresan numericamente. Pero non tódolos números expresan o mesmo. Vexamos este exemplo.



Documento 1

4

¿Por que é diferente a incidencia dos parados/as en China e en España se en ámbolos dous casos a cantidade de parados é a mesma? ¿Que valor teñen os números neste caso?

AS OPINIÓNS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

5

¿Que outras cousas necesitarías coñecer para saber como é a vida d'un parado/a en China e en España?

6

Facede un resumo para lerlo a toda a clase onde indiqueades cando se utilizan os números relativos (índices, taxas) e absolutos (número de persoas).

Resumen

1

Otras veces as noticias comunican problemas que suceden en diferentes lugares do mundo. Non en todos os casos o problema é o mesmo. Veamos algúns exemplos.

2

«Que problema presenta este artigo? ¿Cál é o seu spin? ¿Cópialo e dálo á túa familia?»

Cada vez máis son máis pobres

Documento 1

En máis de vinte anos que oodá (entre a guerra e o posguerra) se produciu un crecemento económico en África. Durante todo tempo recibíase como unha area de longo prazo, pero os resultados da intervención non eran tan brillantes. Vultivamente o mundo está a ver un crecemento económico e un aumento de renda mundial, as taxas extremadamente elevadas de África subdesarrollada son un exemplo de intervencións comunais descontroladas, sendo a principal consecuencia a pobreza.

Segundo as últimas cifras publicadas polo Fondo das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, a Pobreza (FNUCOP), a pobreza africana, que é de 47 millóns de persoas, alcanzou os 151 millóns en 2025.

Esta taxa anual do 7% de crecemento demográfico é un exemplo de como se pode controlar a pobreza.

Recapitulemos

✓

Outras veces as noticias comunican problemas que suceden en diferentes lugares do mundo. Non en tódolos sitios a problemática é a mesma. Vexamos algúns exemplos.

7

¿Que problemas presenta esta noticia? ¿Cal é a túa opinión respecto a estas afirmacións?

Cada vez máis son máis pobres

Documento 2

Hai máis de vinte anos que soou o timbre de alarma a propósito da taxa de crecemento demográfico en África. Durante moito tempo percibiuse como unha ameaza a longo prazo, pero na actualidade a súa urxencia non deixa lugar a dúbidas. A advertencia é clara: aínda que a presión demográfica é un fenómeno de alcance mundial, as taxas extremadamente elevadas da África subsahariana non ameazan só a supervivencia económica deste continente, senón a paz e a tranquilidade das nacións ricas.

Segundo as últimas cifras publicadas polo Fondo das Nacións Unidas para as Actividades relativas á Poboación (FNUAP), a poboación africana, que é hoxe de 647,5 millóns de persoas, alcanzará os 1.581 millóns no 2025.

Cunha taxa anual do 3%, o crecemento demográfico deste continente é o máis rápido da historia para o conxunto dunha zona.

OUTRAS VECES AS NOTICIAS COMUNICAN PROBLEMAS EN DISTINTOS LUGARES

Baixo o límite da pobreza

Existe unha estreita relación entre o aumento da poboación e a diminución dos ingresos por habitante. O forte crecemento demográfico supuxo en África unha baixa media dos ingresos por habitante do 0,88% entre 1986-90, e do 0,9% en 1991. Deste xeito, aínda que o P.N.B. creceu globalmente un 2,3% en 1991, o número de persoas que viven por debaixo do límite da pobreza aumentou considerablemente no conxunto do continente: 300 millóns de persoas segundo o FNUAP, o que representa unha proporción extremadamente elevada da poboación. Peor aínda, o paro aumentou de forma alarmante como consecuencia dos programas de axuste estrutural posto en práctica polos gobernos africanos.

Mans Unidas nº 108, xaneiro-marzo 1993, páxinas 16-17

8

¿Onde é máis grave o crecemento da poboación segundo a noticia? ¿Cres que nos países desenvolvidos non existen problemas respecto ó crecemento da poboación?

E, por último, tamén poden comunicar cousas que afectan a grupos de persoas.

Os nenos e nenas das rúas

Documento 3

Preto de 40 millóns de nenos/as de todo o mundo pasan a maior parte do día fóra da súa casa, a miúdo traballando. A maioría mantén contacto coa súa familia pero millóns deles/as viven na rúa.

¿Por que viven na rúa?

Velaí as súas respostas a unha enquisa feita entre os nenos e as nenas das rúas de Maputo, en Mozambique:

Fame e miseria na casa	27%
Malos tratos na casa	27%
Non ter nada que facer	27%
Enviados/as pola familia	9%
Abandonados/as pola familia	9%
Atraídos/as por outros nenos/as	1%

¿Que fan na rúa?

Moitos nenos e nenas da cidade traballan e ó mesmo tempo van á escola unha parte do día. En Asunción, no Paraguai, realizouse entre eles unha enquisa sobre as súas principais ocupacións:

Venda de xornais	27%
Limpeza de calzado	24%
Venda de alimentos	33%
Limpeza de parabrisas	6%
Lavado e vixilancia de automóbiles	9%
Outras	1%

Algúns nenos e nenas da cidade traballan tamén nas fábricas, a miúdo en condicións moi duras. E tanto nos países ricos como nos pobres están expostos ó perigo da prostitución.

Fonte: *Correo da UNESCO*

OUTRAS VECES AS NOTICIAS COMUNICAN PROBLEMAS EN DISTINTOS LUGARES

9

Localizade os topónimos das noticias recollidas no documento 3.

10

¿Coñeces na túa localidade nenos ou nenas que vivan na rúa? ¿Quen son? ¿Que razóns existirán para que pasen a maior parte da súa vida na rúa? Redacta un informe para ler na clase respecto ás condicións de vida destas persoas.



Meniños entre lixos flotantes

Bruno, un *meninho* (neno pequeno) de cinco anos, busca algún camión usado para xogar no vertedoiro de lixo máis grande de Río de Xaneiro. Bruno ten sorte, porque na procura do tesouro acompañano os seus pais, que se afanan en atopar algo para vender. Vivir nun vertedoiro, en contacto coa mísera inmundicia que simboliza a Brasil, é moito máis rendible que traballar para un amo. Miles de nenos orfos e fuxitivos forman esta triste poboación flotante; cando o meniño estorba porque fisga demasiado péganlle un tiro e a outra cousa.

El Independiente, 21/06/91, páx. 9

Recapitulemos

✓

11

Despois de analiza-las opinións anteriores, ¿cales consideras que son os principais problemas da poboación?

12

¿Que documentos e fontes podemos empregar para atopar datos sobre a poboación?

UN GUIÓN PARA ESTUDIA-LA POBOACIÓN

13

Facede un guión de traballo onde indiqueades como podeades estudar estes problemas tan graves.

Explicade os criterios que seguistes para clasificardes estes problemas. Escríbide as preguntas que vos permitan informarnos sobre estes problemas.

Guión de traballo

Problema identificado
Fontes documentais para o estudio
Preguntas básicas
Criterio para clasifica-lo problema
Problema identificado
Fontes documentais para o estudio
Preguntas básicas
Criterio para clasifica-lo problema
Problema identificado
Fontes documentais para o estudio
Preguntas básicas
Criterio para clasifica-lo problema

"Catro" CALQUERA LUGAR É BO PARA VIVIR

Resumídelos

✓

Presentámoche dous documentos fotográficos (Documentos 4 e 5) de situacións de habitat nos diferentes lugares. Imos estudar estes documentos para observa-las as súas diferenzas.

Ciñade de Galicia

Documento 4



Aldea de Galicia


Documento 5



CALQUERA LUGAR É BO PARA VIVIR

14

Describe coa maior exactitude posible ámbalas dúas fotografías e a continuación compáralas coas descrições do teu compañeiro/a de equipo. Anótade as semellanzas e as diferencias. Explica en cal dos lugares che gustaría máis vivir.



Se ordenáste-las vosas preferencias segundo o número de persoas e edificios que había en cada lugar, achegáste-vos ó concepto de densidade, que fai referencia á relación entre os habitantes e a superficie que ocupan. Repara nos documentos que che presentamos nas figuras 1 e 2 .


Densidade habitantes. Galicia, 1991 Figura 1

Densidade vivendas. Vigo, 1981

Figura 2

15

¿Como expresan a superficie?
¿A que anos fan referencia?



CALQUERA LUGAR É BO PARA VIVIR

16

¿Por que hai diferentes expresións de superficie? ¿Que outras medidas de superficie coñeces? ¿Que relación podes establecer coas unidades de magnitude? Por exemplo, se quixeses sabe-lo número de persoas que había na manifestación que se concentrou na praza da túa vila, ¿que medida de superficie empregarías?

17

¿Por que pode interesar coñece-la densidade dun lugar?

"Cinco" OS MOTIVOS DAS AGRUPACIÓNS DA POBOACIÓN

Recapitulemos

✓

18 Razoa de que xeito influen algunhas características na **densidade de poboación** dun lugar:

	Auméntana	Redúcena	É indiferente
A poboación traballa na industria			
Case tódolos traballadores son agricultores			
O clima é temperado			
O clima é desértico			
Ten costa			
Está nunha zona elevada e abrupta			
Hai forte emigración			
Chegan moitos inmigrantes			
As taxas de natalidade son altas			
As taxas de mortalidade son altas			
Abundan os ríos			
Abundan os bosques			
Os censos son moi fiables			
O sistema político é democrático			

OS MOTIVOS DAS AGRUPACIÓNS DA POBOACIÓN

19

Conclusións da enquisa


Conclusións individuais



Resultados do equipo



Conclusións da clase



Recapitulemos



Unha forma fácil de comparar lugares do mundo é coñecendo as súas densidades, pois infórmannos se hai moitas persoas e podemos preguntárno-los motivos desta concentración. Para isto hai que calcular este número relativo que permite realizar comparacións. Vexámo-lo caso das comunidades autónomas de España.

Cadro 1 COMUNIDADES AUTÓNOMAS ESPAÑOLAS

Comunidade Autónoma	Poboación en 1991 (hab.)	Extensión (km ²)
Andalucía	6.449.985	87.268
Aragón	1.188.818	47.650
Asturias	1.093.937	10.565
Baleares	709.137	5.014
Canarias	1.493.783	7.242
Cantabria	527.325	5.289
Castela-A Mancha	1.658.444	79.230
Castela-León	2.545.924	94.193
Cataluña	6.059.496	31.930
Ceuta e Melilla	124.215	32
Comunidade Valenciana	3.857.235	23.305
Estremadura	1.061.853	41.602
Galicia	2.731.671	29.434
Madrid	4.947.566	7.995
Murcia	1.045.603	11.317
Navarra	519.277	10.421
País Vasco	2.104.041	7.261
A Ríoxa	263.434	5.034
ESPAÑA	38.872.279	504.750

Fonte: Anuario El País, 1993

COÑECENDO DENSIDADES DIFERENTES NO MUNDO

20

Investiga cal é a densidade de cada unha das comunidades autónomas. ¿Hai algunha información que sobra ou resulta difícil de comparar?

21

Distribúe os resultados en catro grupos que recollan densidades semellantes. ¿Como o poderías facer?

- Ordenando de maior a menor as CCAA e colocando catro grupos: da primeira á cuarta; da quinta á oitava; da novena á duodécima; da décimo terceira á décimo sétima. ¿Faltaría así algún dato por colocar?
- Ordenando as CCAA que superan a media de España e as que non a superan. A continuación dividindo cada grupo en dúas partes iguais.
- Coñecendo a mediana de tódalas CCAA e a continuación realizando o mesmo proceso en cada grupo resultante.

22

¿Que símbolos poderíamos utilizar para representar esta información? Suxerímosche seguir unha intensidade coma esta:




Figura 3

COÑECENDO DENSIDADES DIFERENTES NO MUNDO


23

Relaciona os resultados das densidades cos que representamos na figura que reflicte a distribución da renda por familia. ¿Que poderías argumentar?

- a/ Que as máis densas son as máis ricas (as rendas).
- b/ Que as menos densas son as menos ricas.
- c/ Non é posible relacionar densidades-riqueza.
- d/ Que as menos densas son as máis ricas.

Figura 4

RENDA FAMILIAR POR HABITANTE 1993



COÑECENDO DENSIDADES DIFERENTES NO MUNDO

ESTADOS DO MUNDO

Outra unidade política é o Estado, que ten unhas fronteiras definidas. Estas unidades, que adoitan ter unha magnitude superior ás comunidades autónomas, posúen unhas densidades diferentes entre si. Imos examinar algúns casos:

Cadro 2

DENSIDADES DALGÚNS ESTADOS

<i>Estado</i>	<i>Densidade habit./km² en 1992</i>
Alemaña	226
Australia	2
Bangladesh	784
Canadá	3
España	77
Holanda	371
A India	269
O Xapón	329
Mozambique	21
Paraguai	11
Suecia	19

Fonte: Anuario El País, 1995

24



Localizade eses países neste mapa mundi (Fig. 5).

¿Cales poden se-las razóns da diferente distribución de densidades?

- As industrias que posúen os Estados máis densos.
- A riqueza dos países máis densos.
- Situación en zonas montañosas.
- O tamaño máis pequeno dos países máis densos.
- A situación litoral.

Argumentade a resposta utilizando como exemplos os Estados que aparecen no cadro 2.


COÑECENDO DENSIDADES DIFERENTES NO MUNDO

25

¿Son os países máis densos os máis ricos? ¿Son os máis pequenos en superficie? Realizade un comentario razoado onde apliqueades tódolos factores que coñecestes na figura 5.

Figura 5

DENSIDADE DE POBOACIÓN (1993)



Recapitulemos

✓

O 65% da poboación mauritana ten que ser socorrida para non perecer

Documento 6

Arredor de 1.090.000 persoas dunha poboación total de 1.700.000 deberán ser socorridas en 1985 polo goberno mauritano para non perecer. Os refuxiados acudiron a milleiros ás dúas cidades principais do país, Nouakchot e Nuadhibú; os seus suburbios comezan a semellarse ós descritos no *Decamerón*. Sidya O. Bah, alto comisario para a Seguridade Alimentaria de Mauritania, explica a situación para *El País*.

Pregunta. ¿Cal é o impacto da seca en Mauritania?


Resposta. A poboación de Mauritania é de 1.700.000 habitantes. Destes, 1.090.000 están actualmente ameazados de fame e malnutrición. O Goberno mauritano comprometeuse a alimentalo 1.090.000 persoas ata finais do ano, porque do contrario corren o perigo de perecer ou de contraer para sempre unha morea de enfermidades.

P. ¿Que se fai para combater esa situación?

R. Acabamos de tomar unha medida sen precedentes: aumentámo-lo prezo dos cereais en máis dun 50% e destinamos unha axuda de urxencia á produción nacional de cereais, que para 1985 se elevan a 280.000 toneladas, sobre a base de 75 kilos de cereais por habitante e ano. A nosa produción será soamente de 20.000 toneladas, así que xa ve o déficit.

Ademais, o Goberno subvenciona o leite e organizou 65 postos en todo o país para a venda de cereais, para evitar a especulación. Antes da seca producíanse 100.000 toneladas de cereais, pero en 1972 a poboación era menos numerosa ca hoxe, e chegamos incluso a exportar. Ademais, dispuñámos do gando e doutros produtos para completa-la alimentación.

BUSCANDO OUTROS CONCEPTOS MELLORES



26

Busca nunha enciclopedia a superficie de Mauritania e compáraa coa de España. ¿Que conclusións acadas? ¿Parécese máis a unha comunidade autónoma ou ó total de España? ¿E que pasa se comparámo-la súa poboación coa de España ou a das súas comunidades autónomas?

– Relaciona as respostas anteriores co problema presentado:

- a/ O problema reside na enorme superficie do Estado.
- b/ O problema é consecuencia da elevada densidade.
- c/ O problema é consecuencia da escasa poboación.
- d/ O problema reside na falta de recursos.
- e/ O concepto de densidade non serve para explica-lo problema.

¿Parécenche axeitadas as solucións tomadas polo Goberno?

BUSCANDO OUTROS CONCEPTOS MELLORES

27



O CONCEPTO DE DENSIDADE. ¿Para que nos serve? Razoade a vosa resposta.

- a/ Para explica-lo benestar dun Estado.
- b/ Para saber onde se concentra a poboación.
- c/ Para obter un índice que permita comparar densidades de municipios con densidades de continentes.
- d/ Para formular problemas de recursos e poboación.

28

¿Que outros conceptos coñecemos que nos permiten explicar mellor o grave problema que afecta a Mauritania? Escribide individualmente unha síntese das cousas que aprendestes co estudio das densidades. Sinalade o que sabíades ó principio do tema e o que sabedes agora. ¿Que conceptos coñecestes e por que e como os utilizastes?

Recapitulemos

✓

Documento 7

Levo tres anos en Alemaña, estou casado cunha alemana e teño unha filla. Ata agora non teño vivenda; durmo nunha pequena cama e a miña muller dorme coa pequena na casa da súa nai. Axiña teremos outro fillo. Fun á oficina da vivenda para poñer unha petición para cando houberse unha peza libre. A resposta: como italiano, non ten vostede dereito. Primeiro, os alemáns. Os italianos estamos aquí mentres nos necesitan, ata que nos manden fóra de Alemaña.

Klee, E. *Los negros de Europa*, ZYX, Madrid, 1973

Documento 8

"Os malos fillos que abandonan a súa patria para levar fóra dos seus confíns o seu esforzo e a súa intelixencia non merecen ningunha protección do goberno español".

(Duque de Tetuán, ministro de Estado español en 1889. Declaracións realizadas para desentenderse dun problema xurdido ós españoles emigrados a Alxeria).

29

Comenta as declaracións daquel ministro. ¿Cres que hoxe un goberno español –de calquera ideoloxía– reaccionaría do mesmo xeito?

¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?

30

Indica as diferencias existentes entre os dous documentos.

31

Realiza un informe que recolla a vida nun día calquera dun neno ou nena fillos de emigrantes que viven fóra do seu país. Se coñeces algún caso podes basearte nel; se non, podes inventa-la historia.


Compara a túa redacción coa dos teus compañeiros/as do pequeno grupo; escolmade as conclusións principais e facede unha lectura para o conxunto da clase. ¿Que aspectos positivos e negativos atopades na vida desta persoa? Explicade entón se considerades os emigrantes pouco patriotas.

¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?

Agora que xa coñeces de que factores pode depende-la densidade dun lugar, imos incidir nunha das causas que fan que o número de habitantes dun territorio medre ou diminúa: as migracións.

32

Describe a foto indicando características dos edificios e da actividade económica. ¿Cres que na vila fotografada predominan as chegadas ou as saídas da poboación? Indica algunhas razóns polas que ti quedarías a vivir alí e outras polas que marcharías. ¿Cales consideras máis importantes?



Documento 9

33

¿Cambiaría a túa opinión se estiveras nalgunha das seguintes circunstancias?:

a/ Naceses alí e tiveras a túa idade actual.

b/ Foses un vello ou unha vella que sempre viviu alí.

¿Por que cambiaría a túa opinión?

¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?

Ademais de noticias verbais e fotográficas sobre migracións tamén podemos atoparnos con datos estatísticos dos movementos demográficos. Así no cadro nº 3 atopámonos coa evolución da emigración permanente a Europa entre 1962 e 1985.

Cadro 3 EMIGRACIÓN PERMANENTE CARA A EUROPA, 1962-1985

Anos	Homes	Mulleres	Total
1962	51.865	13.470	65.335
1963	66.151	17.348	83.499
1964	83.827	18.271	102.098
1965	59.391	15.144	74.535
1966	43.011	13.762	56.773
1967	19.995	5.912	25.907
1968	53.128	13.571	66.699
1969	84.495	16.326	100.821
1970	82.406	15.249	97.655
1971	98.866	14.830	113.696
1972	89.914	14.220	104.134
1973	82.879	10.198	93.077
1974	46.565	4.130	50.695
1975	18.526	2.092	20.618
1976	10.774	1.350	12.124
1977	10.184	1.152	11.336
1978	11.002	991	11.993
1979	12.109	910	13.019
1980	13.150	915	14.065
1981	14.142	921	15.063
1982	15.130	1.014	16.144
1983	16.854	2.428	19.282
1984	15.789	1.814	17.603
1985	15.304	1.785	17.089

Fonte: I.E.E. Memoria de 1987

Pero tamén hai outros datos numéricos que indican a diferenza entre as persoas que marchan e as que chegan a unha provincia, como é o caso dos saldos migratorios de 1964 e 1983 das provincias, Ceuta e Melilla.

Cadro 4 Saldo migratorio das provincias españolas 1964 e 1983

Provincia	Ano 1964	Ano 1983
Álava	4.453	489
Albacete	-10.340	-465
Alicante	8.880	1.103
Almería	-5.321	1.893
Ávila	-3.435	-2.366
Badaxoz	-20.642	1.234
Baleares	1.912	620
Barcelona	100.541	-14.954
Bizcaia	21.613	-3.364
Burgos	-6.563	-1.127
Cáceres	-13.937	448

¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?

Cádiz	-5.234	2.186
Castellón	3.574	611
Cidade Real	-13.332	-591
Córdoba	-17.866	1.944
Coruña, A	-1.871	-824
Cuenca	-11.378	218
Granada	-15.237	855
Guadalaxara	-4.174	434
Guipúscoa	9.169	-2.309
Huelva	-4.897	-764
Huesca	-1.824	-351
León	-4.927	581
Logroño	-867	-584
Lugo	-5.063	908
Lleida	-1.005	-660
Madrid	45.902	2.370
Málaga	-5.355	-1.550
Murcia	-5.881	1.668
Navarra	1.338	677
Ourense	-2.171	-35
Oviedo	-1.215	-1.023
Palencia	-4.449	-687
Palmas, As	892	1.770
Pontevedra	-1.214	501
Salamanca	-6.355	29
Sta. Cruz de T.	545	1.376
Santander	-745	-30
Segovia	-3.839	114
Sevilla	-10.453	2.105
Soria	-3.981	-108
Tarragona	4.518	1.236
Teruel	-2.744	-123
Toledo	-8.860	100
Valencia	22.373	431
Valladolid	-1.141	-13
Xaén	-16.480	5
Xirona	4.181	1.403
Zamora	-5.713	-380
Zaragoza	3.871	1.382
Ceuta	-764	502
Melilla	-780	583

Fonte: Anuarios
Banesto do mercado
español.

34

Estudia ben estes números e trata de explicar para que serven. ¿Que poderías facer con eles: mapas, gráficos...? ¿Que hipótese podes formular con eles? Se precisas máis información explica que cousas necesitas coñecer.

¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?

35

Compara as túas respostas individuais coas dos membros do teu equipo e facede unha redacción onde expliques para que serven os números nas migracións.

Para rematar, trata de relaciona-los conceptos de migracións con outros que xa coñeces. Para isto debes cumprimenta-la enquisa que che amosamos e razoar como se relacionan os conceptos entre si. Deste xeito irás elaborando unhas posibles explicacións respecto ás razóns dos movementos da poboación.

36

Sinala como inflúen as características abaixo citadas nas migracións. (Escribe á parte as razóns aducidas)

	Favorecen a saída Emigración	Favorecen a chegada Inmigración	Non inflúen nas migracións
Existencia de abundante paro			
Predominio da agricultura de secano			
Estabilidade social			
Dificultades de comunicación			
Grandes desigualdades sociais			
Salarios altos			
Facilidades para o traballo da muller			
Abundancia de industria e servizos			
Vilas pequenas			
Variedade de centros culturais			
Lingua igual á do lugar de partida			
Centro burocrático			
Impostos elevados			
Cercanía a zonas de emigración			

Conclusións da enquisa

Conclusións individuais



¿AS PERSOAS QUE MARCHAN DA SÚA TERRA SON MENOS PATRIOTAS?

Resultados de equipo



Conclusiones da clase



"Nove" ESTUDIAMOS ALGUNHAS MIGRACIONES

Recapitulemos



Unha vez que sábe-lo que son as migracións imos estudar algunhas delas. Para isto debes ler con atención os textos que te amosamos.

Documento 10

España é un país con forte tradición emigratoria. Entre 1860-1960 calcúlase que máis de cinco millóns de persoas -sobre todo da Cornixa Cantábrica, Galicia e as Canarias- marcharon a Latinoamérica, en especial á Arxentina, o Brasil, Uruguai e Cuba; alí atoparon unha cultura similar, fortes colonias de compatriotas e a posibilidade de progresar economicamente: chamouse *indianos* a aqueles que tornaron de América enriquecidos. Aproveitaron para isto a falta de brazos existentes nuns países pouco poboados, a existencia de amplas extensións de terra fértil e virxe, as posibilidades para todo tipo de iniciativas innovadoras.

A maioría, por suposto, non retornou e acabou integrándose: Arxentina mantén aínda hoxe a maior colonia de españois no estranxeiro (os "galegos" chámanos cariñosamente).

Grupos menores -sobre todo valencianos- emigraban mentres tanto a Francia e ó norte de África (Alxeria, principalmente).

Dende algúns anos antes de 1960 a emigración española cambiou de rumbo e marchou preferentemente cara á Europa máis desenvolvida, a Francia, Alemaña e Suíza, sobre todo. Marcharon aproveitando o rápido crecemento da economía europea, que ofrecía os postos de traballo menos cualificados e peor pagados (construcción, peonaxe industrial, servizo doméstico...) a xentes morenas chegadas do sur.

Esta emigración non logrou integrarse con tanta facilidade e moitos retornaron ó cabo dalgún tempo ou ó rematar a súa vida laboral. Nalgún caso o retorno foi case forzoso: imposibilidade de reagrupar-la familia no punto de destino, non concesión de contratos a tempo indefinido, axudas económicas ó traballador ou traballadora que decidise regresar.

Trala chamada crise do petróleo (1973) co aumento do paro e das dificultades económicas, aqueles países recorreron cada vez menos ó emprego. Dende 1975, a emigración a Europa case desapareceu.

ESTUDIAMOS ALGUNHAS MIGRACIONS

Pero tamén houbo –especialmente dende 1955– varios millóns de españois que cambiaron de lugar de residencia dentro do propio Estado. Os máis deles cambiaron as súas vilas agrarias polas cidades industriais: é o chamado “éxodo rural”. Fundamentalmente marcharon dende Andalucía, Estremadura ou ámbalas dúas Castelas cara a Barcelona, Madrid, Euscadi ou Valencia; outros moitos foron dende vilas pequenas á capital da súa provincia. Aproveitaron o desenvolvemento industrial e turístico.

...nun primeiro momento esta poboación emigrante ocupouse moi maioritariamente na industria da construción, o que dadas as características desta industria e a abundancia da man de obra dispoñible, a situaba nun status de subproletariado, de traballo inseguro, nivel de subsistencia e conseguintemente escasas esixencias. O traballo da fábrica aparece entón coma unha conquista da segunda xeración.

(V. Pérez Díaz: *Emigración y cambio social*, Ed. Ariel, 1971, páx. 42).

Trinta millóns de inmigrantes buscan refuxio en todo o mundo

Documento 11



Trinta millóns de inmigrantes buscan refuxio en todo o mundo.

Os países reunidos en Xenebra, contrarios ó peche das fronteiras

¿Onde e como van vivir os 6.000 millóns de persoas que poboarán o planeta no ano 2000? Esta é a pregunta que formularon os representantes de 60 países reunidos en Xenebra para estudia-los movementos da poboación no mundo.

El Sol, páx. 21, 10-XII-1990

Estranxeiros e estranxeiras residentes en España e en Galicia

Documento 12

	Residentes en España		Residentes en Galicia	
	1980	1990	1980	1990
Total	183.422	407.647	4.440	17.676
Gran Bretaña	22.678	78.210	622	666
Portugal	24.094	33.268	4.457	6.599
Alemaña	20.878	45.576	769	618
Francia	16.262	28.881	756	684
Arxentina	7.665	17.679	996	1.932
Marrocos	2.964	16.655	s.d.	178
Venezuela	---	---	1.972	1.616

Fonte: *Censos poboación 1981-1991*

Documento 13

En Galicia, unha portuguesa que non rebasa os trinta anos, empregada do fogar, afirma que se vivise mellor no seu país non viría. Ela e o seu home traballan na casa dunha rica familia madrileña, ela como empregada do fogar e el como xardineiro da mansión. Xuntos perciben 75.000 pesetas, sen Seguridade Social, nun horario que cobre todo o día, libran os xoves. Proceben dunha comarca portuguesa, próxima a Salamanca, e a maior parte do diñeiro envíanlo á casa para mante-los seus fillos que permanecen coa familia.

Documento 14

...unha porción de marroquís veciños da localidade madrileña de Majadahonda, asegura preferir a miseria en España ca vida cotiá en Marrocos (...) na zona noroeste de Madrid vive unha colonia duns 500 marroquís, principalmente en chabolas sen auga nin luz feitas con catro latas (...) A dedicación principal dos homes, que son a maioría, é a chapuza. Eles entenden por tal calquera arranxo de urxencia, traballo de xardinería ou gardas. En xeral, labores sen continuidade que retribuídos por hora, é non sexan diarios, proporcionánlles ó mes unha media de 25.000-30.000 pts.

(Revista *Cruz Roja*, Febreiro, 1987).

Documento 15



“Eu tamén fun un emigrante”

Documento 16

Octavio Paz. Ensaísta e poeta mexicano, é premio Nobel de Literatura

Eu tamén fun emigrante

O escritor afirma que o destino do seu país está ligado ó dos Estados Unidos pola historia e a xeografía

Octavio Paz pasou a metade dos seus 77 anos de vida fóra de México. Dende neno coñeceu a experiencia da emigración, que repetiría despois na súa xuventude e madurez. En realidade, só dende hai 20 anos reside Paz na capital mexicana. Esta entrevista realizada por Antonio Caño, corresponsal do xornal *El País* na capital federal, recolle as impresións que aquela experiencia siscita hoxe no premio Nobel de Literatura.

México D.F. (México).

Como moitísima xente no século XX, eu sufrín e gocei a sorte dos emigrantes. Cando eu era neno o meu pai tivo que deixar México. Era a época da revolución mexicana e o meu pai, que participara na política e colaborara co grupo da Convención e con Emiliano Zapata, tivo que saír fuxindo despois das grandes derrotas do Exército do Sur.

Tivo que marchar ós Estados Unidos como representante persoal do xeneral Zapata. Nós tivemos que unirmos a el un ano despois. Eu era entón moi neno, lémbrome moi vagamente. Atravesamos todo o país en tren. Daquela os trens fan aínda escoltados por soldados porque había frecuentemente tiroteos coas guerrillas. Ás veces, nalgunhas das estacións desoladas do norte, víase nun poste un colgado coa lingua de fóra. Para min esta foi unha lembranza inesquecible, unha viaxe terrible de máis dunha semana dende a Cidade de México ata a fronteira, onde nos agardaba meu pai. Dende alí fomos ós Ánxeles, onde vivimos dous anos. Dende neno tiven que vivi-la sorte do refuxiado, tiven que aprender a falar outro idioma e a saber enfrontarme a outros nenos distintos a min.

Aínda lembro o meu primeiro día na escola norteamericana. Como é costume alí, ó mediodía había un *lunch*. Eu pedín unha culler, e pedina en español porque era o único idioma que sabía. Non pode imaxinar como foron as gargalladas dos demais nenos. Á saída, naqueles patios desolados das escolas primarias norteamericanas, retáronme e tiven que libra-la miña primeira pelexa. Ós berros de *¡spoon, spoon!* déronme unhas labazadas terribles. Tres anos despois volví a México, volví ó colexio e volví a ser maltratado porque outra vez era un maldito estranxeiro, un *gringo*. De xeito que sufrín por partida dobre, como tódolos emigrantes que son estranxeiros no país ó que van e no seu propio país.


Nómade antes que nada.

O home, antes que nada, foi nómade. Só moi tardiamente, hai a penas catro ou cinco mil anos, cando se desenvolveu a agricultura, se fixo sedentario. Esta normalización actuou coma os grandes ventos, que cambian a superficie da paisaxe, pero tamén como as correntes submarinas, que trastornan a composición do mar. Ó meu xuízo os grandes cambios da historia non son só económicos, científicos, ideolóxicos ou relixiosos, o máis importante é a demografía, os grandes cambios da poboación dun lugar a outro.

El País, 20-6-91

Principais puntos de chegada de refuxiados e refuxiadas

Documento 17



ESTUDIAMOS ALGUNHAS MIGRACIONES

37

Acabas de ler uns textos que falaban de migracións, e viches cadros e mapas que amosaban a orixe e destino destes movementos. Agora vas sintetiza-las ideas alí recollidas para realizar despois unha explicación axeitada.

Textos e documentos	Orixe movemento	Destino	Motivos	Resultados
Documento 10				
Documento 11				
Documento 12				
Documento 13				
Documento 14				
Documento 15				
Documento 16				
Documento 17				

38

Conclusión da actividade.

Enumerade dez ideas básicas que adquiristes sobre as migracións, e a partir delas redactade un informe para ser lido na clase.

Escribide as conclusións do debate.



Recapitulemos

✓

É posible que xa teñas unha idea da relación que existe entre crecemento demográfico e utilización dos recursos. Por isto poderás indicar se son correctas as frases seguintes:

As familias pobres teñen menos fillos/as.

Ante a morte só importa o azar.

39

Razoa por que son correctas ou non estas frases.

CONTROLÁMO-LO CRECEMENTO PARA VIVIR MELLOR

Amosámosche algúns documentos diferentes, tanto pola magnitude do espacio que representan como pola súa localización xeográfica, e incluso polo tipo de linguaxe que usan: DOCUMENTOS 18, 19, 20, 21 e figura 6.

A mortalidade materna aumenta un 20%

Documento 18

Case 600.000 mulleres morren ó ano durante o embarazo ou no parto, o que supón un aumento do 20% respecto ás estimacións anteriores. Ademais, por cada muller que morre, 30 máis sofren serias lesións. Os problemas durante a maternidade son unha das principais causas de defunción e discapacidades entre as mulleres novas dos países en desenvolvemento, segundo o informe *O progreso das nacións de 1996*, editado pola UNICEF (...)

A directora executiva da UNICEF, Carol Bellamy, sinalou: “non se esaxera ó dicir que esta é unha das traxedias máis desoladoras do noso planeta, cada día morren 1.600 mulleres no embarazo ou cando dan a luz, e podían evitarse moitas destas mortes.” En especial, o problema afecta á África subsahariana, onde morre unha de cada 13 mulleres por causa da maternidade, e no sur de Asia, onde morre unha de cada 35 mulleres. Como contraste temos que sinalar que en Europa occidental e nos Estados Unidos morre unha de cada 3.300 mulleres. As causas da morte son hemorraxias e outras por intentos de aborto.

CIFRAS DE MORTALIDADE MATERNA

Mortes anuais		Perdas diarias	
Europa	3.000	Europa	8
Asia Central	14.000	Asia Central	39
América	23.000	América	65
Oriente Medio/África do Norte	35.000	Oriente Medio/África do Norte	98
África subsahariana	219.000	África subsahariana	615
Asia/Pacífico	291.000	Asia/Pacífico	818
Total	585.000		

Fonte: Reelaborado de *Noticias del UNICEF* n° 157, xullo 1996. páxs. 4-7

Nacemento dun neno kurdo

Documento 15



Número de fillos por muller

Figura 6



Documento 20

Documento 21

O bioquímico Francisco Ayala deu unha charla en Valencia

*O home do futuro superará os 100 anos e chegará
ós 200 nos próximos séculos*

EFE/Valencia.

O catedrático de Bioloxía Evolutiva da Universidade de California, Francisco José Ayala, asegurou en Valencia que o home do futuro superará amplamente os 100 anos, gracias ás vantaxes na calidade de vida, e mesmo se achegará ós 200 nos próximos séculos.

O bioquímico precisou que, segundo recentes estudos, no prazo dun só século, o ser humano poderá chegar ós cen anos de idade, manténdose completamente activo e desperta a súa intelixencia.

O profesor Francisco José Ayala pronunciou onte unha conferencia sobre "O estudo da xenética molecular da especiación" no salón de actos da Facultade de Ciencias Biolóxicas da Universidade de Valencia.

Ayala traballa no campo da teoría evolutiva, aplicando as técnicas da Bioloxía Molecular ó estudio da variabilidade e evolución dos xenomas de diferentes especies.

O profesor Ayala sinalou que a explicación bíblica da orixe da vida "non é certa", pois, segundo o científico, "apareceu en África hai máis de cinco millóns de anos, e formaba parte da gran familia dos primates, como o orangután, o gorila e o chimpancé" xa que os seus compoñentes xenéticos son "similares ós que posúe o ser humano".



CONTROLÁMO-LO CRECEMENTO PARA VIVIR MELLOR

40

Despois de observar, ler e examinares con coidado os documentos, realiza unha análise de cada un indicando:

- Tipo de linguaxe que utilizan.
- Problemas ou situacións que revelan.
- Localización e magnitude do espazo xeográfico representado.

Agora podes explicar mellor as afirmacións iniciais. Fai, por tanto, unha valoración das mesmas.

41

¿Por que descende o número de fillos en España? ¿Concorda esta afirmación co que pasa nas vosas familias? Investigade o número de irmáns e irmás que tiveron os vossos bisavós, os avós e mailos vossos pais e os que vós tedes. Para isto debeades considerar que tedes catro bisavós e catro bisavcoas, dous avós e dúas avoas e o pai e maila nai. Aínda que falten algúns datos é importante que cubráde-la ficha e despois fagáde-la media de irmáns e irmás de cada xeración. Comparade os resultados en pequeno grupo e logo con toda a clase, anotando os resultados no encerado.

Eu

Número de irmáns e irmas	Idades		
Nai	Pai		
Idade actual	Idade actual		
Número de irmáns e irmas	Número de irmáns e irmas		
Avó	Avó	Avoa	Avoa
Idade (aínda falecido)	Idade (aínda falecida)	Idade (aínda falecido)	Idade (aínda falecida)
Nº de irmáns e irmas	Nº de irmáns e irmas	Nº de irmáns e irmas	Nº de irmáns e irmas
Bisavó	Bisavoa	Bisavó	Bisavoa
Idade	Idade	Idade	Idade
Nº irm.	Nº irm.	Nº irm.	Nº irm.

¿Que conclusións obtedes?

Nos primeiros exercicios xa vimos-la importancia de traballar con números relativos (índices). As taxas son números relativos, ou sexa tantos por cento ou por mil, que permiten comparar datos de países con diferente poboación. Como sabes, os datos numéricos de poboación hai que utilizalos con coidado. Ás veces non se fai así, como podemos apreciar na seguinte noticia.

Segundo o estudio realizado polo alumnado de Benilloba

As vilas rurais da zona da Montaña envellecen de forma rápida

As localidades rurais ubicadas na zona da Montaña envellecen dun xeito bastante acelerado, segundo se desprende dun interesante estudio que elaborou recentemente o alumnado do centro de E.X.B. Verge dels Dolors de Benilloba. O citado informe indica a desproporción que existe nos últimos anos entre nacementos e mortes.

Miguel Villaplana.

Así, recóllense os datos habidos dende o ano 1982 ata 1989 nas poboacións de Benilloba, Benassau, Alcolaxe, Gorga, Quatretondeta, Balonsa, Benimassot e Faxeca, chegándose á conclusión de que houbo un total de 128 nacementos e 288 mortes no conxunto das mencionadas localidades. Esta alarmante realidade pode levar á conclusión de que as vilas rurais no futuro próximo poden converterse en lugares de concentración de xubilados/as, se non se dispoñen os medios necesarios, sobre todo de índole económica, para que isto non suceda.

Supervisión

O estudio elaborouse baixo a supervisión do denominado Proxecto Sorrella un proxecto escolar que agrupa tódalas localidades mencionadas e que pretende conxunta-las escolas unitarias da zona co centro de Benilloba, realizando traballos escolares en común, e facilitando o labor do profesorado que ten ó seu cargo o alumnado dende preescolar ata oitavo. Ricardo Ferrando Alcaras foi o profesor encargado de supervisa-la redacción do traballo efectuado polo alumnado de sexto de E.X.B. na materia de Sociais.

Demografía das poboacións entre 1982 e 1989

	Nacementos	Mortes		Nacementos	Mortes
Benilloba	49	104	Quatretondeta	8	17
Benassau	13	27	Balones	8	18
Alcolaxe	8	44	Benimassot	10	24
Gorga	18	37	Faxeca	10	17

Fonte: *Informaciones*, 21-3-90

42

Fixate ben na noticia. ¿Cres que os datos que amosa responden ó título da mesma? Os datos numéricos permítenno-la súa comparación con outros lugares. Se non é así, ¿que teriamos que facer para poder comparar estes datos con outros datos de nacementos e mortes doutras vilas?

As taxas de natalidade e mortalidade permítennos diferencia-los lugares onde a natalidade e mortalidade é maior e menor. Ímosche presenta-los datos das principais rexións xeodemográficas do mundo, co obxecto de que as localices no mapa correspondente e poidas diferencia-las taxas de natalidade e mortalidade. Para iso elixe unha escala cromática ou de símbolos axeitada, así as taxas máis elevadas deben corresponder coas cores máis fortes.

43

Elixe as cores e símbolos axeitados que permitan diferencia-las taxas de natalidade e mortalidade das rexións xeodemográficas en catro grupos.

CONTROLÁMO-LO CRECEMENTO PARA VIVIR MELLOR

Evolución das taxas de natalidade e mortalidade por rexións xeodemográficas

Cadro 5

Rexións xeodemográficas	Taxa natalidade (por mil)		Taxa mortalidade	
	1965/75	1985/90	1965/75	1985/90
1. África do Norte	44	38	16	11
2. África Occidental	49	49	24	17
3. África Oriental	48	48	21	17
4. África Central	45	45	23	16
5. África do Sur	43	33	16	10
6. Asia do Sudoeste	42	35	15	8
7. Asia Centro-Sur	42	35	19	13
8. Asia Sueste	43	29	15	10
9. Asia Oriental	27	20	10	7
10. América do Norte	17	15	9	9
11. América Central	43	31	9	6
12. América Caribe	35	25	9	8
13. América Sur Tropical	39	29	10	8
14. América Sur Temperada	24	18	9	8
15. Europa do Norte	16	13	10	11
16. Europa Occidental	15	12	10	10
17. Europa do Leste	16	15	10	11
18. Europa do Sur	19	13	9	11
19. U.R.S.S.	18	18	8	11
20. Oceanía	23	20	10	8

Rexións Xeodemográficas

Figura 7



44

Localiza e indica o nome dos países comprendidos nas rexións xeodemográficas de maior e menor natalidade e mortalidade. (Véxase figura 7).

45

¿Son os países de menor natalidade e mortalidade os máis pobres? Redacta un informe onde relaciónr-la natalidade coa riqueza e a pobreza, así como as migracións.

10

El ciclo de vida del producto (CLP) describe las etapas por las que pasa un producto desde su introducción en el mercado hasta su retirada. Las etapas son: introducción, crecimiento, madurez y declive.

Introducción

Madurez

El marketing mix se refiere a las estrategias de marketing que una empresa utiliza para promover sus productos. Incluye: producto, precio, plaza y promoción.

El producto es el elemento central del marketing mix y debe responder a las necesidades del consumidor.

"Once" NON TODO MUNDO NACE E MORRE IGUAL

Recapitulemos



Unha revista americana, *The Economist*, elaborou recentemente un informe sobre "¿Onde nacer en 1988?". Neste artigo analízanse diferentes indicadores de carácter socioeconómico e político, tales como Produto Industrial Bruto, inflación, dereitos humanos, esperanza de vida, alfabetización e lectores e lectoras da revista *The Economist*. Segundo eles, os países preferidos e menos desexados para nacer en 1988 serían:

Preferidos

Estados Unidos
Francia
Alemaña
Italia
Canadá
Xapón
Hong Kong
Inglaterra
Suecia
Holanda

Menos desexados

Cimbabue
Iraq
Irán
Nixeria
Arabia Saudi
Libia
Exipto
Pakistán
Indonesia
Turquía

46

Localiza os países sinalados no cadro anterior. ¿Cres que tódolos criterios utilizados son válidos? ¿Cales son os que sobran ou faltan na túa opinión? Compara a túa resposta coa dos compañeiros e compañeiras do grupo. A continuación o profesor ou profesora dirixirá un debate sobre esta cuestión.

NON TODO MUNDO NACE E MORRE IGUAL

47

¿Cres que nacer nos Estados Unidos é igual para tódolos habitantes, ou cambia segundo as condicións de sexo, raza, familia e condición social?

Pon exemplos de desigualdades no nacemento dos que ti poidas saber da túa localidade ou proximidades.

Xa coñeces algúns factores que inciden na natalidade dos distintos lugares do mundo. Agora ímosche ofrecer máis datos. Con estes indicadores queremos que modifiques ou confirme-las túas conclusións actuais respecto ás desigualdades no crecemento e no primeiro ano de vida. Se hai algún dato pouco relevante débelo facer constar.

Factores da natalidade e primeiros meses de vida

Cadro 6

	Nenos dun ano vacinados (%) 1988-89	Mortalidade da nai (cada 100.000 nados 1980-90	Nacidos cun peso inferior ó normal (%) 1982-88	Nacidos con atención hospitalaria (%) 1983-91
Mozambique	44	300	20	28
Filipinas	82	100	18	57
Malí	44	2000	17	27
España	78	5	4	96
Bolivia	58	600	12	42
Bélxica	83	3	5	100
Estados Unidos	48	8	7	99
Turquía	58	150	8	77
India	81	460	30	33

Fonte: UNICEF. *Estado Mundial da Infancia, 1992*
PNVD. *Desarrollo Humano Informe, 1991*
Tercer Mundo Editores, Bogotá, 1991

Ímosche presentar dúas historias que recollen diferentes situacións ante a vida e o nacemento. Trátase de localizalas e explica-las súas razóns.

A historia de Hasna

Hasna, unha muller que vive en Khulna, vila de Bangladesh, casou ós dez anos de idade. Tivo oito fillos (sete nenos e unha nena), dos que lle morreron dous no primeiro ano de vida. A familia ten problemas continuos de alimentación e o home tivo que emigrar. A filla máis nova ten un 70% de peso en relación á súa estatura. Cando Hasna estaba embarazada, o seu feble sangue non permitía alimenta-la placenta coa suficiente enerxía, sobre todo nos momentos das tarefas do traballo agrícola.

(Elaborada a partir de Jane PRYER "Production and reproduction of malnutrition in an urban slum in Khulna, Bangladesh". Páxs. 131-153 de *Geography of Gender in Third World*. Nova York, Hutchinson, 1987.)

NON TODO MUNDO NACE E MORRE IGUAL

Louise Brown

En xullo de 1978 nacía en Oldham (na Gran Bretaña) a pequena Louise Brown, a primeira *bebé probeta* froito das técnicas de fecundación in vitro. A técnica consistiu en fecundar un óvulo nun laboratorio e logo implantalo no útero materno. Isto constituíu un gran avance médico, pois parellas estériles poderán ter así descendencia. A nai e o pai asistiron a un centro de preparación ó parto onde lles informaron sobre o nacemento e os primeiros coidados do bebé.

(Elaborado a partir de noticias de prensa)

48

Explica as diferencias que existen entre os dous nacementos. ¿Cales son os motivos de tales diferencias? Relaciona estas historias cos datos do cadro 6.

Con tódalas actividades anteriores pretendemos identificar certos factores que favorecen o nacemento e a saúde do naipelo, ou ben as trabas que poidan dificulta-la súa vida. Así, como veremos no cadro seguinte a proporción de nenos e nenas que morren nos distintos países é moi diferente.

A mortalidade: elementos e factores

Cadro 7

	Mort. Xeral ‰ 1993	Mort. Inf. ‰ 1993	Esp. vida (anos) 1993	Hab./Médico 1990	Calorías/habt. 1990
Bangladesh	11	106	56	5.263	2.037
Holanda	9	7	78	410	3.303 (1989)
España	9	7	78	256 (1992)	3.567 (1989)
Cuba	7 (1992)	11 (1992)	76	256 (1992)	3.129
Guatemala	8	46	65	4.000 (1989)	2.254
Etiopía	18	117	48	32.650	1.658 (1988)
Estados Unidos	9	9	76	526 (1992)	3.642
Malí	19	157	46	19.450 (1992)	2.234 (1989)
Finlandia	10	5	76	440	3.170
Sudán	15 (1992)	102 (1992)	53	10.000 (1988)	2.043

Fonte: Anuario El País, 1996.
Geografía Humana 2. Edit. Anaya.

NON TODO MUNDO NACE E MORRE IGUAL

Ademais hai outros factores que poden incidir no maior ou menor número de nacementos e mortes.

Vexámi-lo cadro que che presentamos:

A mortalidade: elementos e factores

Cadro 8

Rexións	Índice de (nº fillos/muller)	Casadas que usan anticonceptivos (%)	Esp. de vida expresada en anos (1980)	Renda per cápita (\$ USA 1987)	Poboación urbana (%)	Taxa de mortalidade infantil (‰)
ÁFRICA	6,3	–	47	610	30	113
–Norte	5,6	27	54	1.180	41	93
–Occidental	6,6	7	43	380	28	124
–Oriental	6,9	–	46	240	17	118
–Centro	6,0	–	44	400	37	117
–Sur	4,7	46	54	1.780	53	71
ASIA	3,6	53	–	1.170	29	78
–Occidental	5,3	37	56	2.890	58	74
–Centro	4,8	35	51	290	26	105
–Suroriental	3,8	46	53	680	26	68
–Oriental	2,3	72	65	1.910	29	41
NORTEAMÉRICA	1,9	68	72	18.110	74	10
LATINOAMÉRICA	3,6	55	64	1.820	68	55
–Centro	4,1	49	64	1.630	61	52
–Caribe	3,0	–	64	–	57	56
–Sudam. Trop.	3,6	59	63	1.850	69	61
–Sudam. Temp.	2,9	–	68	2.070	84	27
EUROPA	1,7	73	72	9.700	74	12
–Norte	1,8	80	73	11.640	84	8
–Occidental	1,6	76	73	13.610	83	8
–Oriental	2,1	69	70	–	63	17
–Sur	1,6	67	72	6.860	68	15
URSS	2,5	–	71	8.370	68	25
OCEANÍA	2,7	56	67	8.400	71	26
MUNDIAL	3,6	53	58	3.330	41	75

Fonte: Population Reference Bureau. World Population Data Sheet, 1989. UNESCO. *Anuario Estadístico* 1988.

49

Indica se estes datos che permiten explicar mellor as condicións de vida nuns países e noutros. Fai unha breve redacción onde explique-la relación que se establece entre mortalidade infantil e esperanza de vida. Relaciona estes datos coas historias de Hasna e Louise Brown: ¿quen ten unha maior probabilidade de morrer antes? ¿Cales son os posibles motivos que inflúen nesta situación?

NON TODO MUNDO NACE E MORRE IGUAL

Ademais dos motivos sinalados, hai outros factores que poden incidir no maior ou menor número de nacementos e mortes. Vexámo-lo cadro seguinte:

50

Razoa como inflúen algunhas características nas **taxas de natalidade e mortalidade** dun lugar.

	Natalidade		Mortalidade	
	Auméntana	Redúcena	Auméntana	Redúcena
Zona de emigración				
Sociedade industrial				
Forte relixiosidade				
Poligamia				
Época de crise económica				
Utilización de métodos anticonceptivos				
Machismo				
Boas condicións hixiénicas				
Facilidades para o traballo da muller				
Vivendas pequenas				
Permisividade sexual				
Casamentos temperáns				
Aborto				
Poboación nova				
Proximidade ó mar				
Moitos hospitais				
Boa alimentación				

Conclusións individuais



Resultados do equipo



NON TODO MUNDO NACE E MORRE IGUAL

As distintas consecuencias de nacer e morrer en lugares diferentes.

Parece evidente que nacer en Bangladesh ou na Gran Bretaña repórtalle unha situación diferente ó bebé acabado de nacer. Tanto as familias como os gobernos preocupáanse dos nacementos, pois estes son os que aseguran a continuidade da poboación. Pero as situacións son moi diferentes nos países de Europa e nos do Terceiro Mundo. Tamén as condicións ante a morte son distintas segundo os lugares do planeta. Amosámosvos, agora, uns documentos para analizárdelos en equipo.

Como podedes comprobar non hai unha mesma evolución nuns lugares e noutros.

Documento 23

Observade a continuación un cadro estatístico acerca da evolución recente da natalidade nos países europeos e unha noticia sobre as medidas que tomou o goberno francés para fomentar os nacementos.

Taxa bruta de natalidade (nacementos por 1.000 habitantes) nos países do Consello de Europa.

	1960	1965	1970	1975	1980	1985	1990
Austria	17,9	17,9	15,2	12,5	12,1	12	12
Bélxica	16,9	16,3	14,6	12,2	12,6	12	13
Dinamarca	16,6	18,0	14,4	14,2	11,2	10	11
Francia	17,9	17,8	16,7	14,1	14,9	14	13
R. F. de Alemaña	17,4	17,7	13,4	9,7	10,1	10	11
Grecia	18,9	17,7	16,5	15,7	15,4	13	11
Irlanda	21,5	22,1	21,9	21,2	21,9	19	16
Italia	17,9	18,8	16,5	14,8	11,3	10	10
Países Baixos	20,8	19,9	18,3	13,0	12,8	12	12
Noruega	17,3	17,8	16,6	14,1	12,5	12	13
Portugal	23,9	23,0	20,0	19,1	16,3	14	12
España	21,8	21,1	19,6	18,8	15,1	13	11
Suecia	13,7	15,9	13,7	12,6	11,7	11	15
Suiza	17,6	18,8	15,8	12,3	11,6	11	12
Reino Unido	17,5	18,4	16,3	12,5	13,5	13	13

Fonte: *Magisterio Español*. 30/9/83. *Anuarios El País*, 1988, 1993

Documento 24

Acceso á planificación

Aínda que o desenvolvemento económico ten relación co descenso da natalidade, non é o elemento fundamental. "A experiencia amosou que o libre acceso ó uso dos anticonceptivos e unha dirección política firme para convencer a poboación son as forzas impulsoras do control da natalidade", segundo Gary Merritt, da Axencia de Desenvolvemento Internacional. Incluso as mulleres que viven na miseria controlan en moitos casos a súa vida reproductiva cando teñen acceso a bos programas de planificación familiar. En Bangladesh, por exemplo, a fecundidade descendeu de sete fillos por muller en 1975 a uns cinco na actualidade, e tres de cada dez mulleres utilizan anticonceptivos, pero o país é aínda terriblemente pobre, e as mulleres, en grande parte sen instrución, non acadaron vantaxes sociais ou económicas reais.

India Nenos/as por muller en 1980: 5,3. En 1991: 3,9

Case a metade das parellas usan métodos de control da natalidade

Indonesia Nenos/as por muller en 1980: 4,6. En 1992: 3

Exportan persoas expertas en planificación familiar a outras nacións.

Soa unha alarma ó solpor para recordarlles a tódalas mulleres que tomen a píldora.

A derradeira proposta do goberno consiste en impedi-lo acceso ós empregos públicos ás persoas que teñan máis de dous fillos/as.

Filipinas Nenos/as por muller en 1980: 5. En 1991: 4,1.

A Igrexa Católica oponse á planificación familiar.

México Nenos/as por muller: 3,8.

Parellas que usan anticonceptivos: 53%.

As telenovelas utilízanse para reseñar as virtudes da planificación familiar.

Fonte: *Blanco y Negro*, 25/4/93

As nais que dean a luz o seu terceiro fillo cobrarán 48.000 pesetas ó mes durante tres anos

O Goberno francés ofrece estímulo á natalidade

Lluís Bassets. París.

O partido dos *bebés* acaba de conseguir unha clamorosa vitoria en Francia. A ministra da Saúde e da Familia, Michel Barzach, vén de presentar un conxunto de medidas dirixidas a favorecer-lo nacemento do terceiro fillo/a e a protexe-la familia. As nais que se decidan a poñer-lo seu terceiro neno no mundo van cobrar a partir de agora un soldo de 2.400 francos (unhas 48.000 pesetas) ó mes, algo máis da metade do salario mínimo.

As axudas ás familias beneficiadas pola ministra Barzach van custar 6.350 millóns de francos (uns 127.000 millóns de pesetas). Unha parte cuantiosa, 5.000 millóns, en deducións fiscais que deixará de ingresar a Facenda francesa para favorecer-la natalidade e a familia. O resto irá en gastos a cargo da Seguridade Social.

A medida máis espectacular é o soldo para o terceiro fillo ou filla, que de feito continúa e intensifica unha política emprendida xa polo anterior Goberno socialista. O soldo para a muller con tres fillos creouse en xaneiro de 1985 e era ata agora duns 1.500 francos. Tiña unha duración de dous anos, que agora amplíanse a tres. Otorgábanllo ás nais que traballaran dous anos nos tres anteriores á maternidade, e agora esténdese a tódalas mulleres que traballasen dous anos nos últimos dez.

Fonte: *El País*, 3/10/1986

Documento 26

Nos países pobres a falta de prazas escolares, a miseria existente e o predominio do traballo eventual dá lugar a que os nenos e as nenas traballen a patir de idades moi novas. O neno é considerado como un ben económico que debe axuda-la familia e nunca debe supor unha carga. Os propios nenos e nenas adaptanse a este tipo de traballo, pois parécelles normal.

(Adaptado de C. RIMBAUD. *Le travail des enfants*, 1980)

Documento 27

En Benarés os *ghat* (chanzos que baixan ata o río) sucédense en máis de 5 Km sobre a beira esquerda do río, considerándose a dereita infausta; polos chanzos baixan unha serie de ritos, dende a meditación inicial ás ablucións, que se seguen con xestos moi precisos, ata a oración final antes de saír da auga. Segundo as crenzas hindúes, quen morre en Benarés coñece a fórmula que o libra de sucesivas reencarnacións e que lle permitirá unha máis rápida fusión con Deus.

Por este motivo, Benarés converteuse tamén na cidade dos mortos. Enfermos incurables, vellos decrepitos quedan agardando a fin dos seus días sobre a ribeira do río, en tranquila e longa meditación. Moitos deles deciden non volver xamais ás súas casas, e establécense na cidade para aproveitar-la oportunidade de non perder esta suprema seguridade. Os mortos son queimados nas súas fogueiras, que son numerosísimas sobre o Manikarnika, o *ghat* das cremacións; as cinzas e a miúdo os restos do finado, dispérsanse despois no río sagrado: a pouca distancia, mentres, outros fieis báñanse, fan gargarexos e beben devotamente.

Fonte: *Conocer el Mundo. Enciclopedia Salvat de todos los países*. Fascículo 103, 1986

A arterioesclerose, epidemia da era posindustrial

Documento 28

O 44% das mortes que se producen en España, provocada por enfermidades vasculares Das 300.000 mortes que se producen en España, case a metade —por riba de 130.000— débense a enfermidades do aparello circulatorio.

Reelaborado a partir de *El País*, sábado 5 de marzo de 1983

Ivonne, dama de sociedade e coñac, dúas fillas xa maiores en Anveres, pasaba temporadas na Martinica ata descubrir que tres meses en Benidorm lle saen máis baratos que dúas semanas na Martinica.

“ Vin a Benidorm a morrer sen présa e a modo”

(*Interviu, 28-3-84*)

O cólera no Perú

Documento 30

Segundo algunhas fontes, a enfermidade apareceu, aproximadamente, a mediados do mes de xaneiro, no quilómetro 78 da estrada Panamericana do Norte, en Chancay. Dise que chegou por mar, dentro dun mariñeiro xaponés, ó porto de Chimbote. Para outros, a súa orixe é consecuencia dos ver-tidos que chegan ó océano e que contaminaron as augas e os peixes.

Sexa cal sexa a súa orixe, o cólera xa causou máis de 400 mortos no Perú e afectou a máis de 70.000 persoas. Os expertos cren que a epidemia está controlada nas grandes cidades, polas campañas de prevención realizadas, pero o problema céntrase, agora, nas zonas rurais. Francisco Sancho, médico da organización Médicos sen Fronteiras, explica que a maior dificultade para erradica-los focos da infección se presenta nas comunidades campesiñas. “Son zonas impenetrables, pola súa xeografía, nal-gúns casos, ou pola acción dos grupos guerrilleiros, e non podemos traballar. Córrese o risco que nes-tes lugares o cólera se convirta nunha enfermidade endémica e provoque novas epidemias.”

Outro dos grandes temores é que este mal se espalle ós países limítrofes e se converta en pande-mia. Arxentina, Brasil, Bolivia, Ecuador, Colombia e Chile tomaron as súas medidas preventivas. Controis sanitarios e comerciais empezaron a funcionar nas fronteiras. Nembargantes, segundo a Organización Mundial de la Salud (OMS) xa se notificaron máis de 230 casos de cólera en Ecuador e un en Colombia.

Fonte: *Cruz Vermella*, abril, 1991

Documento 31

A inxestión de alcohol tivo algunha influencia no 45% das mortes.

Máis de 4.000 persoas morren cada ano nas estradas españolas como consecuencia dos acciden-tes de tráfico.

En España as últimas estatísticas oficiais de 1982 e as estimacións de 1983 falan dunha media de máis de 4.000 mortos ó ano neste país, que no tocante ós accidentes de tráfico rexistra unha inci-dencia practicamente similar á dos restantes países de Europa. Segundo estimacións aproximadas, en máis do 45% destas vítimas tivo algunha influencia a inxestión previa de alcohol.

El País, 13-II-1984

CONCLUSIÓNS

Baixo a dirección do profesor ou a profesora realízase na clase unha discusión a partir dos informes elaborados por cada grupo de traballo, cos seguintes puntos de análise:

1. ¿Que factores inciden máis e menos na natalidade e a mortalidade elevada?
2. ¿A natalidade elevada é unha carga ou un beneficio?
3. ¿É necesario mante-las taxas da natalidade nunhas cotas mínimas ou débese deixar ó albedrío das familias? Se foses gobernante, ¿que medidas de información utilizarías?
4. ¿Como se podería aumenta-la esperanza de vida nos países do Terceiro Mundo?
5. ¿Que sucede cando aumenta a esperanza de vida e descende a natalidade?
6. ¿Como inflúen as características dun lugar nos nacementos e nas mortes? Explicádeo poñendo exemplos concretos.

Resumídelos

✓

Esta afirmación pódese converter nunha pregunta difícil, pois para contestala precisamos como mínimo, coñecer dúas informacións básicas. En primeiro lugar, cómprenos sabe-lo número de persoas que pobearon a terra ó longo da Historia, o que nos permite ter unha certa perspectiva. En segundo lugar, é básico coñecer-las fontes demográficas, para confirmar-las datos da historia da poboación ou ben criticalos. E así será, finalmente, cando poidamos responder a esta cuestión, proxectando a poboación no futuro.

O coñecemento da poboación no pasado é difícil de cuantificar, pois non eran frecuentes nin fiables os recontos da poboación. Pénsase que cando naceu Xesús Cristo, a Terra estaba ocupada por 200 millóns de persoas, e cando Colón chegou a América (ano 1492) o número aproximábase ós 500 millóns. A partir do século XIX hai datos máis fiables, xa se confeccionan censos e padróns con maior exactitude, e así podemos achegarnos ó coñecemento da poboación de España e do Mundo, tal como se ofrece no cadro 9.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN (en millóns de habitantes)

Cadro 9

Ano	Mundo	Ano	España
1850	1.171	1857	15,5
1900	1.608	1900	18,6
1950	2.515	1950	28,0
1980	4.414	1980	37,7
1991	5.420	1991	38,9

Fonte: Elaboración propia, a partir de Borrie (1970), J. Nadal (1976) e *Anuarios Estadísticos*

51

Constrúe unha gráfica dende o ano 0 ata o 1986. ¿Cando se observa o maior crecemento da poboación? ¿Como podes sabe-lo crecemento medio anual? Darémosche unha pista: iguala a poboación de 1850 no mundo e a de 1857 en España a un índice 100. A partir de aí investiga a relación respecto a este índice para os outros anos, por medio de sucesivas regras de tres. ¿Que índice é o meirande en 1986: o de España ou o do Mundo?

Pero non todo o mundo crece do mesmo xeito. Observade este cadro do crecemento vexetativo de diversos países:

Cadro 10

Taxas anuais estimadas de crecemento da poboación por grandes zonas e rexións, 1950-2000, valores medios (porcentaxe).

Zonas e rexións	1950-1955	1975-1980	1980-1985	1995-2000
Total mundial	1,69	1,95	1,93	1,64
Rexións máis desenvolvidas	1,30	0,85	0,82	0,60
Rexións menos desenvolvidas	1,90	2,37	2,32	1,94
África	2,12	2,77	2,86	2,77
África oriental	2,12	2,85	2,94	2,98
África central	1,82	2,44	2,62	2,74
África setentrional	2,28	2,82	2,84	2,35
África meridional	2,36	2,89	2,87	2,73
África occidental	2,07	2,75	2,88	2,92
América latina	2,70	2,74	2,71	2,37
América Caribe	1,82	2,03	2,06	1,81
América central	2,95	3,27	3,29	2,91
Z. Temperada de América do Sur	1,97	1,40	1,32	0,93
Z. Tropical de América do Sur	2,97	2,88	2,82	2,41
América do Norte	1,80	0,99	1,06	0,69
Asia oriental	1,54	1,56	1,37	1,02
China	1,61	1,58	1,39	1,04
Xapón	1,43	1,12	0,82	0,51
Outros países de Asia oriental	0,60	2,06	2,02	1,48
Asia meridional	1,92	2,65	2,60	1,98
Asia sudoriental	2,03	2,71	2,64	1,99
Asia meridional central	1,81	2,60	2,55	1,93
Asia sudoccidental	2,69	2,92	2,92	2,36
Europa	0,78	0,56	0,54	0,48
Europa oriental	0,98	0,63	0,56	0,51
Europa setentrional	0,37	0,43	0,42	0,44
Europa meridional	0,82	0,71	0,68	0,57
Europa occidental	0,84	0,46	0,48	0,40
Oceanía	2,25	1,94	1,86	1,45
Australia e Nova Celandia	2,33	1,78	1,66	1,24
Melanesia	1,64	2,57	2,64	2,17
Micronesia e Polinesia	2,80	2,55	2,45	1,86
Ex URSS	1,71	1,00	0,98	0,67

52

Compara os datos do crecemento vexetativo coas previsións demográficas para o ano 2025. Véxase a figura 8 e o cadro 11. ¿Crecen máis os que máis poboación posúen? ¿Son os máis ricos? ¿Que pode facer esta poboación se non teñen recursos no seu país?

CADA VEZ SEREMOS MÁIS

Cadro 11

Habitantes en millóns. Principais estados segundo a súa poboación.

Ano 1986		Ano 2025	
Alemaña	60	Bangladesh	219
Bangladesh	103	Brasil	246
Brasil	138	China	1.460
China	1.040	EEUU	313
EEUU	241	Etiopía	112
Etiopía	43	Filipinas	102
Filipinas	102	India	1.189
India	781	Indonesia	225
Indonesia	165	Xapón	128
Italia	67	México	154
Xapón	121	Nixeria	338
México	80	Paquistán	213
Nixeria	103	ex URSS	367
Paquistán	99	Vietnam	105
Reino Unido	56	Zaire	104
ex URSS	279		
Vietnam	63		
Zaire	31		

Os 25 países máis poboados do mundo no ano 2025

Figura 8



Explica os motivos do diferente crecemento dos lugares do mundo e enumera os problemas que poden orixinar nuns sitios e noutros.

Recapitulemos



A evolución futura da poboación preocupa a moitos estudiosos e gobernos, pois trátase de saber se seremos demasiados para os recursos que posuímos e, por tanto, haberá que limitalo crecemento, ou ben será posible seguir crescendo. Thomas R. Malthus foi un pioneiro no estudio do futuro da poboación, amosándose pesimista sobre o futuro desta. O seu argumento, explicado no seu *Ensaio da Poboación* escrito en 1798 (Documento 32), indicaba que a poboación medraba a un ritmo xeométrico, mentres os recursos o farían aritmeticamente, tal como reflectimos no exemplo:

A poboación aumenta: 1, 2, 4, 8, 16, 32, 64.

Os recursos aumentan: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7.

Isto deu lugar a diferentes respostas, como a de Colin Clark (Documento 33). Nos últimos anos producíronse noticias que explican esta polémica (Documento 34) e que afectan ás poboacións de xeito desigual. Así, na figura 9, pódese apreciar onde se concentran os lugares en que hai máis fame.

Documento 32

(...) afirmo que a capacidade de crecemento da poboación é infinitamente maior cá capacidade da terra para producir alimentos para o home.

A poboación, se non atopa obstáculos, aumenta en progresión xeométrica. Os alimentos tan só aumentan en progresión aritmética. Basta con te-las máis elementais nocións de números para poder aprecia-la inmensa diferenza a favor da primeira destas dúas forzas.

Para que se cumpra a lei da nosa natureza, segundo a cal o alimento sexa indispensable á vida, os efectos destas dúas forzas tan desiguais deben ser mantidos ó mesmo nivel.

O FETIRO DA POBOACIÓN

Isa implica que a dificultade da subsistencia crece sobre a forma de crecemento da poboación unha forte constante presión restrictiva. Esa dificultade era que manifestara o límite entre realmente un amplo sector da humanidade.

Thomas Robert Malthus: *Ensaio sobre o principio da poboación*. Alianza Editorial, 1986, págs. 55-56

Documento 33

Dicenos que estamos a utilizar os recursos mundiais a un ritmo alarmante. O norteamericano medio pode consumir máis recursos no mundo calquera crecemento ulterior na poboación é un problema a longo prazo e é o colapso da civilización. É así, necesariamente, iso é o que o nos dá.

Recursos é unha palabra moi ambigua. Algunhas persoas fan como se creían que os recursos dos que estamos vivindo se atopan reunidos nunha caixa de madeira de madeira e que cando se comen todos se non queda nada.

Cando os economistas utilizan a palabra recursos inclúen non só a terra e os recursos naturais, senón tamén o traballo, o capital producido polo home, a empresa e outros factores de produción. O crecemento da poboación aumenta de ordinario os recursos a este respecto.

Non é isto en dúbida aquilo a que se refire o alarmista. Dado que se refire os "recursos naturais".

É verdade que non utilizamos unha cantidade copiosa e crecente de alimentos, libros, roupa, cumbia, madeira, etc. Pero estes cousas non son "recursos naturais". Son os produtos obtidos a aplicar o noso traballo, equipo e técnica á terra de cal o solo e o clima constitúen os recursos "naturais". Non se agotan, pero cando se usan métodos agrícolas producidos a través do solo. Ademais, a experiencia amosa que o solo que foi usado de maneira permanente, a terra permanece sempre con nós. É un extraordinario erro pensar que os recursos que obtemos a partir da terra son os máis que se podían conseguir. Unha parte moi considerable da terra potencialmente agrícola do mundo está aínda que utilizada e gran parte de que a súa proporción realmente moi por detrás de que a súa capacidade.

C. Clark, *O mito da sobrepoboación* (1966)


Documento 34

A publicación hai agora vinte e cinco anos do libro *A home demográfico*, de Paul Ehrlich, trata de certos aspectos do futuro do mundo. Segundo este autor, o aumento indiscriminado da poboación degenerará en crises guerras nucleares onde os vencedores obrarán como unhas bestas e os seus recursos do planeta. Terribles pandemias arrasarán países enteros mentres que outros, os máis ricos, se anorearán a millóns nos lugares e felixes suburbios das grandes áreas urbanas. Un futuro que, dous decenios despois, a moitos e lles antolla oculto dunha película de ciencia ficción. E, nondubidante, o presente parece experimentar máis da metade dos mulleres do Terceiro Mundo utilizar anticonceptivos. Hai vinte anos ficábase unha de cada cem, o número de fillos por nai é de cinco a seis a catro e, como consecuencia, a poboación mundial estabilízase en torno a 600 millóns de habitantes a finais do próximo século. Unha revolución silenciosa que, a pesar de todo, non impediu que cada día seña nacido un cuarto de millón de nenos, a maioría en países pobres que parecen ser aínda prisioneiros dos mesmos fantasmas do pasado.

Foto: Blanco y Negro.

Distribución da fame no mundo

Figura 9



53

Co que ti xa sabes, explica os documentos 32, 33 e 34. ¿Cal cres que ten máis razón? Localiza os lugares onde hai máis fame (véxase figura 9). ¿Quen explica mellor esta situación: Malthus, Clark ou Ehrlich?

Na actualidade o debate continúa. A ti invítáronte a participar nun simposio internacional sobre Demografía. Por iso debes elaborar unha síntese cos principais problemas da poboación e como cres que se poden solucionar. Debes poñer exemplos de lugares concretos.

SIMPOSIO INTERNACIONAL

**TENDENCIAS
DEMOGRÁFICAS
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA**
(26, 27 e 28 de maio)

Temas: Evolución da fecundidade e a natalidade
Demografía e:
– Planificación urbana
– Política territorial
– Mercado de traballo
– Seguridade Social
– Educación
– Políticas de Poboación

Organiza: Ministerio de Economía e Facenda
Secretaría Xeral de Economía e Planificación
Sociedade Española de Estudos de Poboación

Lugar: Paseo da Castellana, 162. Madrid



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

Subvencionado pola Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Política Lingüística.

EDICIÓN XERAI DE GALICIA

